

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo



Pleno do Concello de Oroso

Sesión extraordinaria do 08/02/2018

Acta 2018/02.

No salón de plenos da Casa do Concello, ás 9:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel – alcalde – (PSdeG-PSOE).
- 2 Leira Piñeiro, Antonio (PSdeG-PSOE)
- 3 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 4 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 5 Boo Martínez, Vanesa (PSdeG-PSOE)
- 6 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 7 Rey Villaverde, Luis (PSdeG-PSOE)
- 8 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 9 Josefina Iglesias Blanco (PP).
- 10 Suárez García, Silvia (PP)
- 11 Mosquera Boo, José Carlos (PP).
- 12 Mirás Liñares, Manuel Siverio (SON - ANOVA)
- 13 Pérez Penas, José Manuel (BNG)

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo.
Asiste o Interventor titular da Corporación D. Félix Manuel Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

- 1 Aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2018, as bases de execución do orzamento, límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018, cadro de persoal e a masa salarial do persoal laboral do Concello de Oroso.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

- 1 **Aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2018, as bases de execución do orzamento, límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018, cadro de persoal e a masa salarial do persoal laboral do Concello de Oroso.**

Logo de ver a proposta asinada electrónicamente polo Alcalde do Concello que di:

VISTA a necesidade de proceder á aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2018.

VISTO o informe de intervención favorable de data 30 de xaneiro de 2018 sobre o cumprimento da regra de gasto, nivel de débeda, estabilidade orzamentaria e límite de gasto non financeiro.

VISTO o informe de intervención desfavorable de data 30 de xaneiro de 2018 sobre a aprobación do orzamento do ano 2018.

Sinatura do alcalde,

Sinatura do secretario,

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Canelo

CONSIDERANDO o disposto no texto refundido 2/2004 da Lei reguladora das Facendas Locais, e no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo sexto da citada lei.

CONSIDERANDO que o artigo 30 da Lei Orgánica 2.2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Por medio da presente,

PROPOÑO á Comisión Especial de Contas que previa deliberación e exame do expediente proceda á emisión do ditame favorable á seguinte proposta:

Examinado o proxecto do Orzamento Xeral do Concello, para o exercicio económico de 2018, que presenta o Sr. Alcalde – Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 18 do real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e artigo 168 do TR 2/2004, procede:

PRIMEIRO.- A aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018 por importe de 8.066.248,30 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2018 e as Bases de Execución do Orzamento, que van servir para o seu desenvolvemento, de acordo co establecido no artigo 165.1. b) do TR 2/2004 da lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, por importe de no Estado de Gastos e no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

GASTOS		
CAP.1	GASTOS DE PERSOAL	1.445.276,43 €
CAP.2	GASTO CORRENTE	2.973.496,44 €
CAP.3	GASTOS FINANCEIROS	6.329,92 €
CAP.4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	432.250,00 €
	TOTAL GASTO CORRIENTE	4.857.352,79 €
CAP.6	INVERSIÓN	1.923.189,51 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federica Suárez Cancelo.

CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	87.171,01 €
TOTAL GASTOS DE CAPITAL		2.010.360,52 €
TOTAL XERAL		6.867.713,31 €

INGRESOS		
CAP.1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.990.000,00 €
CAP.2	IMPOSTOS INDIRECTOS	148.387,51 €
CAP.3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	903.590,78 €
CAP.4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.237.149,05 €
CAP.5	INGRESOS PATRIMONIALES	5.575,78 €
TOTAL INGRESOS CORRIENTES		5.284.703,12 €
CAP.6	ENAXENACIÓN INVERSIÓN	0,00 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.261.722,16 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	321.288,03 €
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL		1.583.010,19 €
TOTAL XERAL		6.867.713,31 €

TERCEIRO.- Aprobala Cadro de persoal, de acordo co disposto no artigo 90.1 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.

CUARTO.- Aprobala masa salarial do persoal laboral do concello, de acordo co disposto no artigo 103.bis da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e anexo de persoal por importe de 285.444,23 euros e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Dispõe-la súa exposición ó público durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata enón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril."

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que se trata da aprobación do orzamento 2018, que xa foi explicado na Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio.

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que a súa intervención será moi semellante á xa feita na Comisión Informativa. Considera que as inversións que se conteñen no orzamento lle parecen axeitadas e moitas delas xa foron aprobadas en pleno e agora se recolle no orzamento. Manifesta que ten dúbidas en relación ao sinalado no informe de Intervención xa que este é desfavorable por dous motivos. En



Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.

primeiro lugar polo tema de non prever a cobertura da praza de Tesourería por un funcionario habilitado de carácter nacional. Entendo que como xa se falou non se vai a cubrir, pero o certo é que este problema xa existía o ano pasado e aqueles responsables que tiñan que arranxalo e cambiar a norma non o teñen feito. O ano pasado afirma que votou a favor do orzamento con esta salvedade, xa que entendía e segue entendendo que un concello como o de Oroso non necesita unha praza de Tesourería reservada a funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Considera que é mais complicado o segundo punto que informa desfavorablemente o Interventor e que é o que se refire á falta de crédito suficiente no orzamento para dar cobertura ao contrato de servizo de axuda no fogar.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que en relación ao tema do Tesoureiro, xa foi comentado mais veces, e xa expuxo a súa opinión de que un Concello como este non necesita dun Tesoureiro habilitado nacional, xa que temos 7.400 habitantes e a maioría da recadación está delegada á Deputación Provincial, polo que tería moi pouco traballo e é probable que non se cubrixe a praza porque a día de hoxe non hai interventores sen praza, polo que ao final se consignaría o diñeiro no orzamento para que finalmente non se utilizase.

Polo que respecta ao servizo de axuda no fogar (SAF), o informe do Interventor se está a referir ao feito de que no prego deste contrato se puxeron 24.000 horas e nos orzamentos se presupostan menos horas, polo feito de que entendemos que non se van a chegar en ningún caso a tal número de horas, de feito o ano pasado na Mancomunidade se puxeron 12.000 horas e no noso contrato se puxeron moitas mais.

Cando se formalice definitivamente o contrato e se comece a prestar o servizo e levemos dous ou tres meses poderemos saber efectivamente o número de horas que fan falta e se o presupostado resulta suficiente. Igualmente dentro duns meses tamén saberemos se temos un remanente líquido de tesourería positivo, como é probable, e en caso de resultar necesario poderíamos acudir a unha transferencia de crédito, se vemos que o crédito da partida do SAF non resulta suficiente. A explicación de porque nos pregos se puxeron tantas horas, foi polo feito de ter previsto que houbera un aumento importante, para telo previsto e ter deste xeito cuberta esta posibilidade. En todo caso considera o Sr. Alcalde que se trata duns orzamentos realistas.

Intervén D. Manuel Siverio Mirás Linares (SON – ANOVA) quen afirma ven uns orzamentos normais aínda que mais de 120.000 euros en catering e mais de 200.000 euros en festexos lle parece excesivo. Afirmo que votaría a favor se non fose polas irregularidades e problemas nas liquidacións dos orzamentos anteriores con algunhas facturas.

D. Alexandre Doval Expósito (PP) sinala que, como xa sinalou o seu grupo outras veces, non lle parece xusto que se prevea ingresar 160.000 euros con cargo á plusvalía e igualmente non están de acordo nos gastos de 47.000 euros en publicidade nin na partida de atencións protocolarias. En canto ao informe de Intervención é negativo polo tema da Tesourería que xa foi falado noutras ocasións e que consideramos que efectivamente era necesario facer unha modificación da lei e polo tema do SAF que consideramos que é un pouco como facerse trampas xogando ao solitario, xa que o grupo de goberno trae un orzamento que non cubre para dentro duns meses ter que facer unha transferencia. En todo caso, o importante sempre será que o servizo estea cuberto. Finalmente en canto ás inversións, en liñas xerais consideramos que son necesarias, que poderíamos propoñer outras tamén necesarias pero as recollidas no orzamento son necesarias.

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.



Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que o tema da plusvalía sería necesario que se modificase a Lei, pero en todo caso non considera que sexa un imposto inxusto. Pode ser que nunha transmisión dunha vivenda habitual ou dunha pequena leira podería estar de acordo que non é demasiado xusto, pero no caso dunha empresa que compra un solar para especular, un solar que ao mellor foi recalificado, considera que debería pagar unha plusvalía despois de poñerlle asfaltado, saneamento, abastecemento etc... polo que houbo un gasto por parte do Concello que é xusto que despois poida recuperar parte dese diñeiro. En canto aos gastos de publicidade, tense que ter en conta que nesa partida entran todo tipo de gastos e que por exemplo agora coa Lei de Bases de Réxime Local é necesario que se lle dea publicidade a todos os actos que realiza o Concello. En canto ao SAF considera que non é probable que este ano se teña que acabar facendo unha transferencia de crédito xa que se ten previsto mais de 250.000 euros que entende que será mais que suficiente para cubrir a demanda real que exista no servizo.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que os temas desfavorables do informe do Interventor xa os aciarou o Alcalde tanto no que se refire á Tesourería como ao SAF. En todo caso quere felicitarse por estes orzamentos xa que se trata duns orzamentos realistas, equilibrados e responsables tendo en conta as limitacións que veñen impostas polo Estado. Existe un compromiso importante con todas as parroquias, especialmente en materia de abastecemento de auga coa intención de que chegue a todas as parroquias, e igualmente coa intención de loitar contra as situacións de seca. Un 28% do orzamento está destinado a inversión, e este é unha porcentaxe que debe ser tomada como mínimo xa que é probable que ao longo do ano existan mais achegas por parte doutras Administracións. Debe terse en conta as limitacións impostas pola regra de gasto que se ten pedido ao Estado que se procedera á súa modificación e este so se compromete a levar a cabo unha modificación ridícula. Considera que de novo se volta a castigar aos Concellos que fan os deberes. Volve a sinalar que o informe de Intervención está aí e se pode ver que as únicas pegas que se pon é o do tema da Tesourería e do SAF que son perfectamente xustificables, polo que considera que todos deberían votar a favor destes orzamentos.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) considera que se tratan dos orzamentos que necesita o Concello e non por iso é necesario felicitarse e que o que é evidente é que existe un informe desfavorable do Interventor. O tema da Tesourería non é un tema que lle preocupe xa que considera que se trata dunha estupidez política do que obrigou a iso, e que non existen funcionarios para cubrir esas prazas. En canto ao tema do SAF afirma que non votará a favor xa que nos próximos orzamentos xa non estará sentado neste Pleno.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) afirma que non vai a votar a favor xa que en anteriores liquidacións doutros orzamentos había facturas que non se correspondían coa realidade.

O Sr. Alcalde respóndelle que debería ter coidado con tales afirmacións xa que está a poñer en tela de xuízo aos funcionarios que fiscalizan esas facturas.

D. Alexander Doval Expósito (PP) quere aclarar que o que critican da plusvalía e que se aplique a heranzas, doazóns de familias, moitas veces con poucos recursos. Reitera que os gastos de publicidade lle seguen parecendo excesivos e pregunta se a débeda de mais dun millón de euros que actualmente ten o Concello se existe algún tipo de idea de amortización da mesma.

Sinatura do alcalde,

Manuel Miras Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.

O Sr. Alcalde resposta que non hai intención de amortizar a débeda, xa que non se están case que a pagar xuros, xa que 800.000 euros da mesma é de achegas da Deputación e non xeran xuros e xa se discutirá mais a diante en que maneira se vai a devolver á Deputación se é que se devolve ou se compensa. Considera que non tería moito sentido que se procedera á amortizar débeda cando non nos están a cobrar xuros. Afirmo que o endebedamento dun concello é grave cando se fai para gasto corrente pero non cando se fai como este concello para inversión. Por exemplo un servizo que se ía a tardar en dar 5 anos, se pide un crédito e se realiza e se adianta a agora, pero a inversión está feita e logo se vai pagando pouco a pouco pero sen pagar xuros e o que se destina a gasto corrente non queda aí. En resumo, a idea é que se amortice pouca débeda por este motivo e en todo caso se amortiza débeda financeira e non a procedente da achega da Deputación, xa que aínda que aparece como débeda e é como ten que aparecer, haberá que ver como fai nun futuro a Deputación con dita débeda.

E non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: sete (7 do PSdeG- PSOE).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: seis (4 do PP; 1 de SON - ANOVA e 1 do BNG) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018 por importe de 8.066.248,30 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2018 e as Bases de Execución do Orzamento, que van servir para o seu desenvolvemento, de acordo co establecido no artigo 165.1. b) do TR 2/2004 da lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, por importe de no Estado de Gastos e no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

GASTOS		
CAP.1	GASTOS DE PERSOAL	1.445.276,43 €
CAP.2	GASTO CORRENTE	2.973.496,44 €
CAP.3	GASTOS FINANCEIROS	6.329,92 €
CAP.4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	432.250,00 €
	TOTAL GASTO CORRIENTE	4.857.352,79 €
CAP.6	INVERSIÓN	1.923.189,51 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	87.171,01 €
	TOTAL GASTOS DE CAPITAL	2.010.360,52 €

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.



TOTAL XERAL	6.867.713,31 €
--------------------	-----------------------

INGRESOS		
CAP.1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.990.000,00 €
CAP.2	IMPOSTOS INDIRECTOS	148.387,51 €
CAP.3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	903.590,78 €
CAP.4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.237.149,05 €
CAP.5	INGRESOS PATRIMONIALES	5.575,78 €
TOTAL INGRESOS CORRIENTES		5.284.703,12 €
CAP.6	ENAXENACIÓN INVERSIÓN	0,00 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.261.722,16 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	321.288,03 €
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL		1.583.010,19 €
TOTAL XERAL		6.867.713,31 €

TERCEIRO.- Aproba-la Cadro de persoal, de acordo co disposto no artigo 90.1 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.

CUARTO.- Aproba-la masa salarial do persoal laboral do concello, de acordo co disposto no artigo 103.bis da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e anexo de persoal por importe de 285.444.23 euros e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Dispoñe-la súa exposición ó público durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerárase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O Sr. Alcalde seguidamente procede a dar por rematada a sesión cando son as 09:50 horas do día antedito, da que se estende a presente acta.

Como secretario dou fe do seu contido.

O alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



O secretario,
Federico Suárez Canelo.



